

Dia do libro: A Biblia

O vindeiro 23 de abril celebraremos o día do libro. Como sabedes o libro mais importante dentro da relixión católica é a Biblia.

Propónovos realizar un Lapbook ou libro desplegable con información sobre a Biblia ou sobre as historias que recolle: a creación, o arca de Noe, Moisés e as taboas da lei, David e Goliat, o nacemento de Xesús entre outras. Podedes centrarvos nunha historia concreta ou escoller as más importantes ou que máis vos gusten.

Data e modo de entrega: 30 de abril 2020. Podedes enviar un vídeo ou fotos ensinando os vosos lapbooks ao seguinte correo lucia.varela@edu.xunta.gal

A continuación, déixovos información sobre os lapbooks e algúns exemplos. Tamén deixo algunha información que podedes empregar na elaboración dos vosos lapbook.

Que é un lapbook?

Un Lapbook ou libro despregable no que se pode arquivar información sobre un tema dun xeito máis visual e atractivo para nenos e nenas.

Pode adaptarse a calquera idade, pode facerse un lapbook máis sinxelo ou máis complicado. Cada un pode facelo como máis lle guste.

Os **materiais** que necesitades son folios de cores, cartolinhas, folios, pegamento, tesouras. Ademais podedes decorar o voso libro como máis vos guste con sobres, pegatinas,... Se non tedes cartolinhas para facer a base do lapbook, podedes unir varios folios ou empregar algúns cartón que teñades pola casa, por exemplo unha caixa de cereais ou de galletas.

<https://rosafernandezsalamancaprimaria.blogspot.com/2014/01/lapbook-o-libros-desplegables-con.html>

<https://babycaprichos.com/lapbook-definicion-ideas-consejos/?cn-reloaded=1>

Plantillas <http://compartiendoaula.blogspot.com/2013/05/plantillas-lapbooks.html>

Éxemplos:

Exemplos de lapbook sobre a Biblia e sobre outras temáticas

<http://catequesisguadalupana.blogspot.com/2012/02/lapbook-de-la-biblia.html#comment-form>

<http://meaburrelareligion.blogspot.com/2017/11/lap-book-la-biblia.html>

[https://www.youtube.com/watch?v=g_sQJAYVa4](https://www.youtube.com/watch?v=g_sQJJayVa4)

<https://rosafernandezsalamancaprimaria.blogspot.com/2014/01/como-hacer-un-lapbook-paso-paso-tutorial.html?m=1>

<https://rosafernandezsalamancaprimaria.blogspot.com/2014/03/lapbook-sobre-los-animales.html>

Información que podes incluír sobre A Biblia

A **Biblia** é o libro sagrado de Deus e o dos cristiáns. Tardouse máis de 1000 anos en escribir, pero as súas historias comenzaron a relatarse moito antes. A Biblia escribiuse en tres idiomas hebreo, grego e arameo.

Esta formado por **73 libros**, que se dividen en dúas partes o Antigo Testamento e o Novo Testamento. Cada libro divídese en Capítulos e estes en versículos.

O **Antigo testamento** ten 46 libros que tratan sobre a historia da familia de Xesús desde a creación ata o nacemento de Xesús. Tratase dun libro moi importante no que se recolle a preparación para a venida de Xesús. Consta de distintos tipos de libros:

- Históricos: relatan a historia do pobo de Israel.
- Normativos: son libros con leis, normas e mandamentos.
- Sapienciais. conteñen a sabedoría en refráns, reflexións ou historias que tratan de transmitir unha ensinanza
- Salmos: contén 150 oracións dirixidas a Deus.
- Proféticos: son libros de profecías ou que contan a vida dos profetas.

O **Novo Testamento** ten 27 que tratan sobre a vida de Xesús e os primeiros cristiáns. Ten a seguinte estrutura:

- Comeza cos **catro Evanxeos**, que contan a vida e a mensaxe de Xesús; son os Evanxeos de **san Mateo, san Marcos, san Lucas e san Xoán**.
- Continúa co libro dos **Feitos dos Apóstolos**, que conta os primeiros anos de predicación dos apóstolos.
- Segue coas **21 cartas** (moitas de san Paulo), escritas por algúns dos apóstolos para as primeiras comunidades cristiás, nas que se explica o principal da fe cristiá.
- Remata co **Apocalipse de san Xoán**, un libro que lle axudaban á primeira Igrexa a entender a revelación de Deus neses tempos tan difíceis de persecución.

MÁIS INFO: https://pt.slideshare.net/Jessica_Muriel/la-biblia-y-su-importancia-en-la-vida-9981885/3

Relatos bíblicos:

Pequeños héroes: Canle de youtube con vídeos cortiños sobre distintos relatos bíblicos
<https://www.youtube.com/channel/UCwnmHLNwY0WRLFqnZMMIIFQ>

Historia de la Salvación (Liña do tempo) <http://laicosenamoradosdesufe.blogspot.com/2014/01/historia-de-la-salvacion-linea-de.html>

Biblia de los niños: <http://www.bibleforchildren.org/languages/spanish/stories.php>

Neste último enlace encontraredes a Biblia adaptada para os nenos e nenas así como debuxos para colorear.